



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO EN PROCEDEMENTO DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DE ORDENANZA MUNICIPAL.

Expte. TEDEC: 2026/G013/00005 (Ordenanza).

Mediante Resolución de Alcaldía de data 26/06/2026 dispuxose a necesidade dunha consulta pública, a través do portal web do Concello da Baña (<https://www.concellodabana.gal>) na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

Outorgarase un prazo de achegas por parte da cidadanía de 10 días hábiles dende a publicación do anexo na web municipal, dito prazo de achegas finalizará o vindeiro luns, 13 de xullo de 2026 ás 23:59 h. As achegas deberán realizarse a través da sede electrónica empregando o formulario de achega de documentación complementaria, indicando no apartado “código de expediente” o seguinte: **2026/G013/00005**

Poderase acceder a dito trámite de participación cidadá a través do seguinte enlace: https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N

A continuación, recóllese o anexo obxecto da consulta.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO – ASPECTOS OBXECTO DA CONSULTA PÚBLICA:

Vista a necesidade de elaboración dun anteproxecto de Ordenanza reguladora dos prezos públicos da Escola Municipal de Música e Tradicional do Concello da Baña, e de conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza arriba referenciada procédese a substanciar unha consulta pública a través do Portal web do Concello da Baña, na que se recabará a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poderán facer chegar as súas opinións por escrito, que se poderán presentar telematicamente no Rexistro deste Concello ou a través dos medios previstos na LPACAP, no prazo de 10 días hábiles dende a publicación do presente anuncio na páxina web municipal.

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

Con esta iniciativa normativa preténdese dotar á Escola Municipal de Música e Tradicional dun marco propio e específico de regulación dos prezos públicos, xa que na actualidade estes se atopan integrados na ordenanza xeral de prezos públicos por actividades culturais e deportivas, sen contemplar as particularidades propias do servizo.

Procúrase establecer unha regulación clara e diferenciada que permita ordenar adecuadamente as cotas, matrícula e demais conceptos económicos vinculados ao funcionamento da escola, evitando a dispersión normativa e mellorando a seguridade xurídica na súa aplicación.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

O Concello da Baña estima necesario aprobar unha ordenanza específica no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización, co fin de adaptar a regulación dos prezos públicos á realidade funcional da Escola Municipal de Música e Tradicional.

A existencia dun servizo estable, con estrutura docente propia, especialidades diferenciadas e programación anual de actividades, fai preciso dotalo dun instrumento normativo propio que regule de forma sistemática os aspectos económicos derivados da súa prestación.

c) Os obxectivos da norma.

Os obxectivos desta iniciativa regulatoria son:

- Regular de forma autónoma os prezos públicos da Escola Municipal de Música e Tradicional do Concello da Baña.
- Establecer as cotas correspondentes ás distintas especialidades e servizos ofertados.
- Regular a matrícula, forma de pagamento e réxime de liquidación.
- Garantir a seguridade xurídica e a transparencia na xestión económica do servizo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Mellorar a organización e xestión administrativa dos ingresos vinculados á escola.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

d) **As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.**

Considerando a natureza do servizo e a necesidade de dispoñer dun marco normativo estable, claro e específico, enténdese que non existen alternativas regulatorias máis axeitadas que a aprobación dunha ordenanza propia.

As alternativas baseadas na continuidade da regulación actual mediante bases ou na aplicación da ordenanza xeral de prezos públicos por actividades culturais e deportivas resultan insuficientes para dar resposta ás necesidades específicas do servizo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.